La parcela da frente a camino según información del plano 6.2 de la cartografía del PXOM de Riveira, de los datos del Catastro antiguo disponible en este Ayuntamiento (fotografía aérea que se adjunta) y del catastro actual cuya ficha también se adjunta. En relación a los servicios urbanísticos existentes, en visita a la parcela realizada el día miércoles, 04 de enero de 2017 se comprueba la existencia de alumbrado público en las inmediaciones y arqueta de



suministro de agua en el vial principal (foto adjunta). Los restantes datos sobre servicios urbanísticos serán facilitados previa consulta con las empresas concesionarias.

En relación a la solicitud de información sobre la condición necesaria para construcción de un edificio urbano se informa que a la vista del Art. 18 de la Ley 2/2016 de 10 de Febrero, del Suelo de Galicia la parcela no cuenta con acceso por vía pública pavimentada ni servicios urbanos de abastecimiento de agua potable, evacuación de aguas residuales a la red de saneamiento ni suministro de energía eléctrica, ni que esté urbanizada de acuerdo con las alineaciones y rasantes de todas las vías a las que den frente.

En cuanto a la posibilidad de que alcance la condición de solar después de la ejecución del planeamiento urbanístico con la realización de las obras de urbanización exigibles para la conexión con los sistemas generales existentes, se informa que parte de las obras necesarias para ello afectan a otros propietarios porque se sitúan fuera de la zona de contacto de los lados de la parcela con las vías, por lo que la posibilidad de que se haga efectivo el derecho de los propietarios de solo urbano a completar la urbanización de los terrenos para que adquieran la condición de solar y a edificar estos en las condiciones establecidas en esta ley y en el planeamiento aplicable contempladas en el Art. 19 estarían condicionados a una actuación que afecta a otros propietarios de parcelas limítrofes, sin perjuicio de la previa comprobación del carácter público del camino en los documentos de propiedad de las parcelas afectadas por las obras de urbanización.

3.- Visto o escrito presentado por **Ramón Guillermo Cerecedo Rego**, de data 23/12/2016 (Rexistro de entrada nº 16.597), no que solicita certificación urbanística relativa a parcela situada en Listres (Aguíño).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 03/01/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ó solicitante como segue:

REF. CATASTRAL: 9184708MH9098S0001RF

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

DATOS DE PARTIDA:

1.- De acordo coa planimetría oficial; que inclúe a praia da Catía, puido comprobarse que o contorno da parcela definida pola referencia catastral arriba indicada, está dentro da zona de dominio público marítimo terrestre. Acompañamos plano de deslinde da zona, coa sinalización da parcela e da liña de deslinde aprobada por Orden Ministerial en data de 23.12.2004 (**DOC. ANEXO Nº 1**)

2.- De tódolos xeitos, e a tenor do contido da solicitude, debemos de remitir ao interesado á consulta dos documentos públicos da propiedade (escrituras), a fin de precisar os datos relativos aos lindeiros da finca, datos sobre os distintos accesos e natureza dos mesmos (público/privado), así como no referente á súa extensión superficial e/ou calquera carga que puidera gravar a finca (servidumes, etc..).





SITUACIÓN URBANÍSTICA:

1.- Xa desde o punto de vista urbanístico, cabe significar que o PXOM de Riveira clasifica e integra boa parte da parcela dentro dun Sistema Xeral de Espazos Libres de Praia; en consonancia coa afección do deslinde marítimo/terrestre xa apuntada, e séndolle de aplicación a ordenanza 8.2. do PXOM:

“Dotacional de equipamentos de espazos libres de praia”, en aplicación do artigo 160 do PXOM, o cal regula o réxime e condicións de usos permitidos neste ámbito afectado ao uso público.

Acompañamos copia do plano de ordenación do PXOM a escala 1/2000, aos efectos de ilustrar o aquí exposto. **(DOC. ANEXO Nº 2)**

2.- O resto da parcela, e de xeito residual; como ben se pode apreciar sobre o plano de ordenación anexo, está dentro dun ámbito de solo urbano consolidado e afectada na súa totalidade pola traza e aliñación dun vial. Con todo, seralle de aplicación o previsto da lexislación de Costas, toda vez que a totalidade da parcela está sobre terreos de dominio público. Aínda así, a propia configuración da parcela e o feito de non acadar a condición de parcela mínima para poder edificar, impide se puidera materializar o aproveitamento urbanístico outorgado pola ordenanza aplicable:

Artigo 156 PXOM. Ordenanza 6.3. Urbano extensivo de vivenda unifamiliar, onde se establece unha parcela mínima de 500 m² no presente caso, e un aproveitamento urbanístico de de 0,80 m²/m² de edificabilidade máxima.

Acompañamos copia das ordenanzas aplicables: ordenanza 6.3 e ordenanza 8.2 do PXOM **(DOC. ANEXO Nº 3)**.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON JOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ SAMPEDRO POLOS DANOS PRODUCIDOS NO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD AO BATER CONTRA EL UNHA PEDRA POR MOR DAS LABORES DE DESBROCE DOS OPERARIOS MUNICIPAIS. Expediente nº: RP 2/2016.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **don José María Fernández Sampedro**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade





patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 13 de xaneiro de 2016, don José María Fernández Sampedro, tiña o seu vehículo marca Opel, modelo Zafira, con número de placas de matrícula O-1883-CH, estacionado á altura do número 10 da rúa do Castro, parroquia de Castiñeiras, cando, de súpeto, bateron contra o mesmo unhas pedras que saíron despedidas da máquina que estaban utilizando neses intres operarios municipais que realizaban labores de limpeza, o que lle ocasionou a rotura do cristal da ventá dereita do automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 14/01/2016 co número 306, don José M^a Fernández Sampedro, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados no vehículo, que cuantifica na contía de 167,34 euros polo arranxo da ventá e 74,12 euros en concepto de taxas que tivo que aboar como consecuencia da retirada do vehículo da vía pública o día 14/01/2016, por carecer de seguro.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: informe de danos emitido pola Policía Local na data do sinistro, factura do arranxo do vehículo emitida por "Auto Vidrio Plus, S.L.", parte de retirada do vehículo da vía pública e xustificante o pago da taxas por este motivo.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 22/06/2016 co número 8.304, o reclamante achega fotocopia do seu DNI, copia simple do contrato de compravenda do vehículo, e copia simple do permiso de circulación do automóbil.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el informe realizado pola Policía Local do Concello de Riveira remitido na data 24/08/2016, informe realizado polo capataz do servizo de xardinería do Concello de Riveira, e informe realizado pola Xefatura Provincial de Tráfico remitido na data 29/09/2016.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que a reclamante non presenta escrito algún.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.- Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para





os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Terceiro.- O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.


De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.- En referencia agora ó presente caso, o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico, tendo lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento, ao sufrir os danos no





vehículo da súa propiedade como resulta acreditado polo permiso de circulación do vehículo e o informe emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira, xa que, o accidente que ocasionou os danos produciuse durante o funcionamento do servizo municipal de xardinería.

Así mesmo, resulta demostrada a produción de danos no vehículo referido, como se desprende da factura que achega o reclamante e do informe emitido pola Policía Local.

Sentado o anterior, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento do servizo público en cuestión.

A estes efectos, a policía local informa que o vehículo estaba perfectamente estacionado á altura do número 10 da rúa Castro, parroquia de Castiñeiras, e que os danos foron producidos mentres se utilizaba unha máquina de desbrozar polos operarios municipais.

Así mesmo, o capataz do servizo de xardinería do Concello de Riveira no informe emitido na data 21/09/2016 dispón: *“Que o día 13 de xaneiro de 2016 estaba realizando labores de desbroce na rúa Castro, parroquia de Castiñeiras, cando a máquina que estaban a utilizar os operarios municipais colleu unha pedra que saíu despedida e que bateu contra o vehículo Opel Zafira, matrícula O-1883-CH, que estaba neses intres estacionado á altura do nº 10 da referida rúa, ocasionando a rotura do cristal dunha das ventás do automóbil”*

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados no vehículo de don José M^a Fernández Sampedro.


Respecto do quantum indemnizatorio, enténdese que debe referirse ao que o reclamante tivo que aboar pola reparación do cristal roto, isto é, 167,34 euros, segundo a factura que achega.

Non pode incluírse na contía da indemnización as taxas que tivo que aboar como consecuencia da retirada do vehículo da vía pública na data 14/01/2016 por carecer de seguro obrigatorio, xa que este prexuízo económico non deriva do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos municipais, senón da negligencia do Sr. Fernández Sampedro respecto da documentación obrigatoria dos vehículos.

Por todo o exposto, a **Xunta de Goberno Local**, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 23/12/2016, e visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos) emitida polo Interventor actal., Jorge González Mariño, de data 10/01/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don José M^a Fernández Sampedro na contía de 167,34 euros.





O abono da referida contía farase do seguinte xeito: o Concello abonará ao Sr. Fernández Sampedro a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade Mapfre, correspondendo a Mapfre o abono ao Sr. Fernández Sampedro da contía restante, isto é, da cantidade de 17,34 euros.

2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA ÁNGELA LUCÍA CAMPAÑA FOLGAR POR DANOS NUNHA PRENDA DE ROUPA OCASIONADOS POLO MAL ESTADO DO AUGA DO JACUZZI NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVA DE A FIEITEIRA. Expediente nº: RP 5/2016.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **dona Ángela Lucía Campaña Folgar**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 22 de febreiro de 2016, dona Ángela Lucía Campaña Folgar, atopábase no jacuzzi das instalacións deportivas municipais de A Fieiteira, cando, de súpeto, notou un forte olor a lixivia, polo que saíu do mesmo, observando ao pouco tempo que, o bañador que levaba posto, estaba totalmente descolorido.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 29/02/2016 co número 1.921, dona Ángela Lucía Campaña Folgar, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados na referida prenda de roupa, que cuantifica na contía de 69,95 euros.


Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: unha fotografía do estado do bañador e un anuncio do bañador onde se indica o prezo do mesmo.


Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el informe emitido na data 23/09/2016 polo encargado de mantemento da instalación deportiva municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que a reclamante non presenta escrito algún.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.





Segundo.- Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Terceiro.- O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.


De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.





Cuarto.- En referencia agora ó presente caso, o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico, tendo lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento, ao sufrir os danos nunha prenda de roupa da súa propiedade.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira, xa que, o accidente que ocasionou os danos produciuse nunhas instalacións de titularidade municipal.

Así mesmo, resulta demostrada a produción de danos na prenda de roupa referida, como se desprende da fotografía que achega a reclamante, na que se aprecia o estado no que quedou o bañador.

Sentado o anterior, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento do servizo público que se presta nas instalacións deportivas municipais da A Fieiteira.


A estes efectos, o encargado de mantemento da instalación municipal no informe emitido na data 03/10/2016 dispón que: *“En relación coa solicitude feita por Ángela Lucía Campaña Folgar, o día 29 de febreiro de 2016, debo informar o seguinte: Na semana do 22 ao 28 de febreiro de 2016, nas follas de rexistro están rexistrados uns niveis de desinfectante residual de “0” ppm de cloro. Pero, nesa mesma data tivemos un problema co dosificador e medidor de cloro do jacuzzi, o cal, ao pasar do seu valor de medición real, daba valores de lectura de 0 ppm de cloro, e facía que o dosificador seguira subministrando cloro a piscina. Este erro tardou en subsanarse debido a que tanto os medidores dixitais como o colorimétrico, daban o valor de CERO, aínda que o seu valor debía ser máis alto do normal (deducible polo cheiro do cloro). Non se pode saber o valor real de cloro que podía ter nese intre o jacuzzi, debido as causas indicadas, pero é moi probable que eses valores fora dos rangos fosen causantes da decoloración do bañador indicado pola Sra. Ángela”*


Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados no bañador de dona Ángela Lucía Campaña Folgar.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 23/12/2016, e visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos) emitida polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 10/01/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Ángela Lucía Campaña Folgar na contía de 69,95 euros, que abonará integramente o Concello, xa que a contía dos danos non supera a franquicia de 150 euros establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade Mapfre.





XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por José Fernández Pérez en representación de **Propietarios de Garaxe Rúa Churriana**, de data 04/01/2017 (Rexistro de entrada nº 109), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible sito na Rúa Churriana (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 09/01/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Propietarios de Garaxe Rúa Churriana** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (2,50 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmoible sito na esquina da Rúa Churriana (Riveira).

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*


XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.


Riveira, 12 de xaneiro de 2017

O Alcalde



Manuel Ruíz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle